



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



consorcio audiovisual
de Galicia



DEPUTACIÓN DE LUGO



FUNDACIÓN
TIC
LUGO

Monográficos

inglés audio visual

Plan de formación
2012



EOI
escola oficial
de idiomas
santiago
de compostela



CeMIT
Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

DESTINATARIOS

Estes monográficos de Inglés Audiovisual están dirixidos aos **profesionais e estudantes do sector audiovisual** (preferiblemente cun nivel lingüístico B1 ou superior do Marco europeo común de referencia para as linguas) que estean familiarizados coa lingua inglesa, e que desexen potenciar e ampliar as súas destrezas comunicativas sobre todo no ámbito da industria dos medios audiovisuais.

O alumnado deberá acreditar o seu nivel de lingua mediante unha entrevista persoal.

OBXECTIVOS

Os **obxectivos xerais** correspóndense co **nivel B1** do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación do Consello de Europa.

O obxectivo primordial é que o alumnado (actores, directores, produtores, guionistas, técnicos, axentes de vendas internacionais e outras persoas empregadas no sector audiovisual) adquiera ou mellore o seu nivel de competencia na expresión e comprensión de certos aspectos específicos da lingua obxecto de estudo, tanto na súa forma falada como escrita, que lle permita desenvolverse en situacións coas que se poida atopar no seu ámbito profesional específico, proporcionándolle a información sobre as características fonéticas, as estruturas e normas de interacción comunicativa que poidan ter influencia nas situacións laborais e sociais máis frecuentes coas que se van enfrontar.

DURACIÓN E CONTIDOS

O programa dos cursos desenvolverase de acordo cos contidos seguintes e cunha duración de **50 horas**:

- Comunicación oral ou escrita co persoal deste eido.
- Comprensión escrita dos contratos que se poden atopar na industria do audiovisual.
- Negociación oral ou escrita de tratos.
- Redacción de cartas de presentación e currículos para a procura de traballo.
- Comunicación e negociación nas probas e entrevistas de selección.
- Comprensión de cinema e producións televisivas en inglés.
- Adquisición de vocabulario a través dos diversos medios de comunicación audiovisual ao seu alcance:

Terminoloxía de rodaxe e interpretación.

Terminoloxía de negocios.

Terminoloxía de produción audiovisual.

DATA E LUGAR

Impartiranse dous monográficos de **50 horas lectivas** cada un, que terán lugar nas seguintes datas e lugares:

Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Lugo

Lugar Escola Oficial de Idiomas de Lugo

Ronda Xosé Castiñeiras 1, 27001, Lugo

Datas Xoves en horario de 20:30 a 22:00 h. e venres de 16:00 a 17:30 h.

Comeza o 26 de xaneiro.

Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Santiago de Compostela

Lugar Sala Audiovisual *Access Grid* · Centro Multimedia de Galicia

R/Hórreo 61, 2º, Santiago de Compostela

Datas Martes e xoves en horario de 20:00 a 22:00 h.

Comeza o 24 de xaneiro.

Poderán organizarse unha serie de **actividades formativas complementarias**, cun máximo de 10 horas lectivas, que serán de carácter voluntario para o alumnado, tales como visitas guiadas á CRTVG, produtoras de cine ou televisión, a unha rodaxe, ou sesións de visionamento de películas en versión orixinal, organización de conferencias impartidas en lingua inglesa, realización de obradoiros específicos en inglés sobre unha materia en concreto (dirección de fotografía, dereito audiovisual, produción de televisión, comercialización internacional de formatos audiovisuais...), ou calquera outra que se estime oportuno, en función do perfil e interese do alumnado, así como da dispoñibilidade de recursos da organización e do profesorado.

METODOLOXÍA

As clases serán fundamentalmente **prácticas** e cun enfoque **comunicativo** que fomente, en todo momento, a utilización da lingua obxecto de estudo no seu aspecto de produción oral. O alumnado terá que interactuar na conversa cos seus compañeiros e co profesor, e ao mesmo tempo, terá que abordar material audiovisual auténtico ou adaptado ao nivel como, por exemplo, extractos procedentes de emisións de medios de comunicación en lingua inglesa, como programas de radio ou televisión, fragmentos de películas en lingua inglesa, etc. Entre as actividades, poderanse utilizar diálogos estruturados e/ou improvisados, *role-plays* (como dar discursos en cerimonias de premios...), os debates que xurdan no propio desenvolvemento dos temas a tratar, etc.

As actividades de expresión oral poderanse combinar e completar con actividades que posibiliten a práctica das outras destrezas como a comprensión oral, expresión escrita, e comprensión escrita.

Empregaranse materiais reais ou adaptados, axeitados ao nivel do curso, que axuden a adquirir vocabulario, coñecer e practicar a pronunciación e entoación, e que sirvan para familiarizar máis ao alumnado co contorno cultural das industrias audiovisuais no mundo anglosaxón.

AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado farase tendo en conta o seu traballo na aula e a través dunha proba final de expresión (produción e interacción) oral. Para a proba oral, o alumnado terá que realizar dúas tarefas: participar nun diálogo curto e facer unha presentación oral individual. A valoración realizarana os profesores do departamento de inglés da EOI correspondente.

Tamén se valorarán positivamente os exercicios de produción escrita realizados ao longo do curso de xeito voluntario.

Para aprobar o curso, o alumnado deberá obter unha cualificación mínima dun 50% na proba oral final. A cualificación final será APTO ou NON APTO.

BIBLIOGRAFÍA

Proporcionaráselle ao alumnado unha bibliografía de consulta recomendada.

Empregarase material procedente de distintas fontes e medios, tales como manuais de inglés xeral e específico, libros sobre a industria cinematográfica, material da Internet, revistas especializadas e outras publicacións de interese.

INSCRIPCIÓN E PROBA DE SELECCIÓN

Para realizar a **preinscripción** nestes monográficos haberá que entregar o formulario de solicitude de inscrición, que se pode descargar das páxinas web da EOI de (www.eoilugo.com), da EOI de Santiago de Compostela (www.eoisantiago.org) e do Consorcio Audiovisual de Galicia (www.consorcioaudiovisualdegalicia.org) na secretaría das correspondentes escolas **do 5 ao 19 de decembro**. Tamén se pode enviar por correo electrónico, ou fax á escola correspondente, ou ao Consorcio Audiovisual de Galicia.

Unha vez rematado o prazo de preinscrición, publicarase a partir do **21 de decembro** nas devanditas páxinas web a **convocatoria para as probas de selección** (que tamén se remitirá por correo electrónico a todas as persoas preinscricións), con indicación de día, hora e lugar. O profesorado das EOI seleccionará ao alumnado en base a estas probas, que serán de carácter oral e terán lugar na semana do **9 ao 13 de xaneiro** nas instalacións da escola de Lugo e no Consorcio Audiovisual de Galicia.

Rematado o proceso de selección publicarase nas webs indicadas a listaxe definitiva das persoas seleccionadas, con indicación do prazo de matrícula.

As persoas seleccionadas que non poidan realizar o curso deberán poñerse en contacto co Consorcio ou a EOI correspondente e renunciar á praza, para que se poida convocar á seguinte persoa da listaxe de reserva.

MATRÍCULA, TAXAS E BOLSAS

Alumnado da EOI de Lugo

O alumnado seleccionado deberá formalizar a matrícula na secretaría da EOI, previo pagamento das taxas (3 € / hora, é dicir: 150 € para os cursos de 50 horas, ademais da apertura de expediente, se é a primeira vez que se matricula nunha escola oficial de idiomas -19 €-, e dos servizos xerais -11 €-), segundo os prezos públicos establecidos no Decreto 147/2006 de 31 de agosto (DOG do 8 de setembro) para este tipo de ensinanzas.

A **Fundación TIC** sufragará en concepto de bolsa de formación o 50% do custo das taxas de matrícula por monográfico do alumnado (é dicir, **75 €**) da EOI de Lugo.

Este pagamento realizarase directamente aos alumnos, unha vez que remate o curso e se acredite a asistencia e superación das probas de avaliación.

Alumnado da EOI de Santiago de Compostela

O alumnado seleccionado deberá formalizar a matrícula na secretaría da EOI, previo pagamento das taxas (3 € / hora, é dicir: 150 € para os cursos de 50 horas, ademais da apertura de expediente, se é a primeira vez que se matricula nunha escola oficial de idiomas -19 €-, e dos servizos xerais -11 €-), segundo os prezos públicos establecidos no Decreto 147/2006 de 31 de agosto (DOG do 8 de setembro) para este tipo de ensinanzas.

O **Consorcio Audiovisual de Galicia** sufragará en concepto de bolsa de formación o 50% do custo das taxas de matrícula por monográfico do alumnado (é dicir, **75 €**) da EOI de Santiago de Compostela.

Este pagamento realizarase directamente aos alumnos, unha vez que remate o curso e se acredite a asistencia e superación das probas de avaliación.

NÚMERO DE PRAZAS E ASISTENCIA

Para constituírse cada curso deberá contar cun mínimo de **5 alumnos** e un máximo de **25**.

As persoas seleccionadas non poderán faltar a máis do **20% das horas lectivas**.

PROFESORADO

Mamen Pérez Rico · EOI de Lugo

Carmen de la Fuente Leis · EOI de Santiago de Compostela

Máis información

EOI de Santiago de Compostela

Rúa Ulpiano Villanueva 1-2, 15705, Santiago de Compostela

Tfno.: 981 55 47 10. Fax: 981 55 48 75

Correo-e: eoi.santiago@edu.xunta.es

www.eoisantiago.org

Horario de atención ao público:

luns a venres de 9:30 a 14:00 h, e tardes de xoves, de 16:30 a 18:30 h.

EOI de Lugo

Ronda Xosé Castiñeiras 1, 27001, Lugo

Tfno.: 982 284 893. Fax: 982 284 894

Correo-e: eoi.lugo@edu.xunta.es

www.eoilugo.com

Horario de atención ao público:

luns a venres de 9:00 a 14:00 h e tardes de martes, de 15:45 a 19:45 h.

Fundación TIC · Escola de Imaxe e Son

Rúa Frei Plácido Rei Lemos s/n, 27004, Lugo

Tfno.: 982 284 667. Fax: 982 284 687

Correo-e: info@fundaciontic.org

www.fundaciontic.org

Horario de atención ao público:

luns a venres de 9:00 a 14:30 h e tardes de luns a xoves, de 16:30 a 20:00 h.

Consorcio Audiovisual de Galicia

Rúa do Hórreo 61, 1º - Santiago de Compostela

Tfno.: 981 545 063. Fax: 981 545 847

E-mail: formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org

www.consorcioaudiovisualdegalicia.org

Horario de atención ao público:

luns a venres de 9:00 a 14:30 h e tardes de luns a xoves, de 17:00 a 19:00 h.